



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

En virtude da RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro de 2021) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1998, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde **elixir** no presente proceso electoral a **UN (1) REPRESENTANTE**.
- 2.- O censo electoral está exposto no taboleiro de anuncios.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 4 ata as 13:00 horas do día 12 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, o secretario do centro e o membro do citado persoal de administración e servizos de maior idade.
- 5.- Cada membro fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **UN** nome da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público Integrado o día 22 de novembro, de 10:30 a 11:30 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:45 horas.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Fene, a 2 de novembro de 2021

A presidenta da Xunta Electoral

Asdo.: M^a Isabel Hermida Rodríguez

